1º.- Conceder licenza urbanística á **D. Ángel Jorge Barreiro**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Souto, nº 3, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“LIMPEZA DE CUBERTA E PINTADO DE FACHADAS”**, na parcela sita no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 026/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **APTITUD VETERINARIA S.L.**, con domicilio en Avda Bouza Martín, nº 40 baixo, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN CON ASEO ACCESIBLE”**, na parcela sita na rúa Villaverde, nº 8, na parroquia de Barrantes.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte **“1º.- Documentación achegada**

22/02/2017 Instancia solicitando autorización municipal para obras de ampliación de edificación

Proxecto redactado pola arquitecta Dona María Eulalia Torres Carro, visado o 13/02/2017

Xustificante de ingreso do ICIO por un importe de 106.41 euros.

2º.- Situación urbanística

A construción na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está incluída na calificación de SOLO DE NUCLEO RURAL segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.b) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito de Núcleo Rural aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo", polo que as obras quedan suxeitas ás condicións que establece o vixente PXOM para os Núcleos Rurais.

No concello non consta licenza de construción para a vivenda, non obstante no catastro consta cunha antiguidade dende 1.937, polo que estamos as condicións que establece o artigo nº 40 da Lei para as edificación tradicionais.

Art. 40. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitírase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

A ampliación ten unha superficie construída de 14.40 m², unha altura de cornixa de 2.20 m. e sitúase a 17,12 m. do eixo do camiño vecinal e 30.40 m. do borde da estrada EP-9302.

As obras que pretende levar a cabo consistentes na ampliación da edificación actual que en principio non executaba con materiais e os cores tradicionais do lugar. Advertida a arquitecta de que unicamente sería admisible o revestimento de madeira (que se propoñía como alternativa) e de esa forma ser compatibles co PXOM e ordenanzas vixentes, así como coa lei 2/2016 do Solo de Galicia, presentou o día 2 do presente mes escrito da arquitecta modificando os materiais de acabado da cuberta e do pechamento que cumpren co estipulado no PXOM:

Se lle recorda que no caso de atoparse dentro dos casos que se citan na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, ten a obriga de dar cumprimento a mesma, e as seguintes ampliacións ou reformas, tales como a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais; a Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais; e normativas complementarias, e a obrigatoriedade de dispor de Plan de Seguridade dos traballos a realizar, o nomeamento de coordinador de seguridade da obra, así como a disposición das sinais obrigatorias para vehículos e viandantes.

*Polo exposto, emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

Segundo a artigo 145 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **APTITUD VETERINARIA S.L.**, con domicilio en Avda Bouza Martín, nº 40 baixo, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN CON ASEO ACCESIBLE”**, na parcela sita na rúa Villaverde, nº 8, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Exptd. 027/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. Celestino Cores Blanco**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Revolta, nº 12, na parroquia de Besomaño, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a legalización de obras executadas e proxecto de obras pendentes de **“ADECUACIÓN DE LOCAL PARA REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS”**, no lugar de Albán, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastr. 0173202NH2007S0001ET.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte **“1. Documentación achegada**

06/02/2017

- *Instancia- Solicitud de Licenza para a execución das obras que se describen no proxecto.*
- *Exp. De legalización y proxecto b. y de e. de las obras pendientes para acondicionamiento del local, suscrito por el arquitecto D. Ignacio Piñeiro de la Torre, colegiado nº 3847 del COAG.*
- *Xustificante do ingreso do ICIO correspondente a un 2% do orzamento de 20.253.08€*
- *Cuestionario de Estadística de Construcción de edificios.*

02/03/2017

- *Anexo ao expediente de legalización das obras realizadas e ao proxecto b. e de e. das obras pendentes de acondicionamiento do local, visado polo COAG con data 23/02/2017, describindo a actividade de mantemento e reparación de motocicletas.*

2. Situación urbanística

As parcelas sobre as que están construídas as edificacións do establecemento están incluídas na delimitación de Chan Núcleo Rural de Albán, na parroquia de Ribadumia.

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, **"Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,..., aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes"**.*

As obras existentes foron construídas en base ao proxecto redactado polo Enxeñeiro D. Eloy Fernández-Valdés, promovidas por D. José Carlos e D. Francisco Javier Sobral Cores e licenza concedida por acordo de X.G.L. do 3 de Novembro de 2.005.

La edificación existente consta como construída en Junio de 2007 (s/ fotografías aéreas), de acordo con el proxecto aprobado.

As obras para as que se solicita licenza consisten no acondicionamento interior do local, subdividiéndolo en varios locais, oficina, almacén de repostos, área de reparación e un aseo para servizos, polo que poden considerarse obras menores que poden autorizarse.

Respecto dá actividade e antes de exercéla terá que comunicar ao Concello a finalización das obras mediante comunicación previa á que achegará a documentación que regula o Decreto 144/2016 do 22 de Setembro no seu Título V, Capítulo I polo que se regulan subdiariamente as actividades e apertura de establecementos (RIAE), en tanto non se aprobe a Ordenanza municipal, en trámite.

Polas características dos traballos, dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, o proxecto dispón de Estudo básico de seguridade, pero non consta o nombramento de Coordinador de Seguridade. O proxecto fai referencia ao cumprimento do R.D. 604/06 respecto da obrigación da promotora do nombramento dos Recursos Preventivos.

*Que polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada poara execución das obras.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de 9 de Febreiro, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licencia urbanística á **D. Celestino Cores Blanco**, con domicilio

a efectos de notificación na rúa Revolta, nº 12, na parroquia de Besomaño, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo legalización das obras executadas e proxecto de obras pendentes de **"ADECUACIÓN DE LOCAL PARA REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS"**, no lugar de Albán, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 028/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.**, con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo polo que solicita autorización para a realización da obra de **"RBTS rúa Mamuela – Ribadumia 7"**, na travesía da Condesa, na parroquia de Barrantes (expte. SDG 248316060170), para dar acometida a unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Mamuela, s/n, na parroquia de Ribadumia.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *"Unión FENOSA pretende atender una solicitud de suministro eléctrico en baixa tensión a una vivenda que demanda una potencia de 5,75 kW para uso residencial (vivienda unifamiliar) en la parcela con referencia catastral número 9774402NH1097S0001HY.*

*Que se presenta proxecto para a execución dun tendido de novo conductor XZ1 0,6/1 KV 4*50 (9ml) por canalización que partirá dende a arqueta existente na calzada ata o CPM do peticionario sita no limite da propiedade.*

A nova liña percorrerá por canalización en zanja de 0,20x1,00 m dentro do tubo de polietileno de alta densidade de 160 mm homigonados (5m).

Aportan a seguinte documentación:

- *Carpeta de permisos previos, que contén memoria, planos, e presuposto dos traballos a executar, e ven asinada polo Enxeñeiro Industrial D. Darío Sánchez Moeso (colexiado 2564 do ICOIIG).*
- *Escrito do 28/07/16, de Augas de Galicia, no que previa solicitude para a autorización das obras no expediente DH.W36 sen clave, por atoparse dentro da zona de afección do dominio público hidráulico, informa que nas redes xa autorizadas non precisan autorización deste organismo de bacía.*
- *Oficio do 11/10/16 co nomeamento do Enxeñeiro Industrial D. Darío Sánchez Moeso (colexiado 2564 do ICOIIG) como director de obra e coordinador de seguridade.*
- *Aporta o 08/11/16 AVAL da compañía CASER SEGUROS (Nº 30000907/00000344) para responder pola fianza por importe dos traballos de reposición de pavimentos, que segundo o proxecto aportado que ascenden a 96,67 para garantir a súa reposición.*

O presuposto de execución das obras ascende a DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (5.903,39 €).

Previo o inicio das obras deberá:

*Que dende o punto de vista urbanístico **NON EXISTE NINGÚN INCONVENIENTE** para o solicitado.*

Consideracións xerais:

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a **licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **Unión Fenosa Distribución S.A.**, con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº 204, no Concello de Vigo, para levar a cabo as obras de **“RBTS rúa Mamuela – Ribadumia 7”**, na travesía da Condesa, na parroquia de Barrantes (expte. SDG 248316060170), para dar acometida a unha vivenda unifamiliar sita na Rúa Mamuela, s/n, na parroquia de Ribadumia.

3º.- LICENCIAS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Cambio de titularidade e Licencias de funcionamento e apertura que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Expdt. AC03/17.- Visto o expediente que se tramita a instancia presentada por **D. CARLOS ALFONSÍN SERANTES**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Ribadumia, nº 2, na parroquia de Ribadumia sita no Concello de Ribadumia, pola que solicita licenza definitiva para a apertura de **"TALLER DE REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS"** nun local sito na Avda. de Ribadumia nº 2, parroquia de Ribadumia.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte **"1.- Antecedentes"**

Con data 2 de outubro de 2003, dictouse Decreto da Alcaldía concedendo licenza provisional de apertura para taller de reparación de motocicletas a D. Carlos Alfonsín Serantes na Avda. de Ribadumia de este municipio, cos informes técnicos e da corporación municipal, indicando que o lugar de emprazamento non está en contradición coas ordenanzas e acordos municipais.

No expediente consta informe da Consellería de Medio Ambiente con data 24 de setembro de 2003 que califica a actividade como molesta e dende o punto de vista ambiental condiciona a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- ✓ Cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- ✓ A que a ubicación sexa a sinalada no proxecto.*
- ✓ cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- ✓ A traballar coas portas e fiestras pechadas e ventilación forzada.*
- ✓ Instalarase cámara de graxas debidamente dimensionada previa ao entronque co sumidoiro.*
- ✓ Xestionará debidamente tanto os residuos perigosos coma os non perigosos.*

Con todo isto, a Alcaldía acordou a CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA que se solicitaba, condicionando a concesión da licenza definitiva ao cumprimento dos seguintes extremos:

- Que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello.*
- Certificado do técnico director das obras e instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.*
- Cumprimento das observacións e medidas correctoras.*
- Ingresar previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas reglamentarias.*

Con Rexistro de saída nº 1277, de 19 de Novembro de 2.015 enviouse ao propietario informe do técnico municipal Diego Lucio Barral propoñendo o requirimento de diversa documentación.

Co data 2 de decembro de 2.016, R.E. nº 3378, a propiedade entregou un informe técnico redactado polo arquitecto D. Rogelio Carballo Solla, colexiado nº 4374 do C.O.A.G., incluíndo un plano modificado do proxecto anterior, un informe sobre as portas da nave e copia das Resolucións da Consellería de Medio Ambiente T. e I., documentos de control e seguimento respecto da recollida de residuos e Resolución sobre a inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos no Rexistro Xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

2.- Visita de comprobación

En el día de hoy realicé una visita de comprobación a las instalaciones de los Talleres Carlos Alfonsín, levantando la correspondiente Acta (de la que se adjunta copia suscrita por el propietario) de conformidad con el proyecto y documentación anexa.

Por lo expuesto, se **INFORMA FAVORABLEMENTE** el expediente de acuerdo con la normativa vigente, en la fecha de solicitud, para la obtención de la Licencia definitiva de la actividad".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda: 1º.- **Conceder licencia definitiva de funcionamento e apertura á D. Carlos Alfonsín Serantes**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. de Ribadumia, nº 2, na parroquia de Ribadumia sita no Concello de Ribadumia, pola que solicita licencia definitiva para a apertura de **"Taller de reparación de motocicletas"** sito nun local na Avda. de Ribadumia nº 2, parroquia de Ribadumia de acordo co certificado técnico presentado e segundo o informe técnico emitido, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sin cuxo requisito a licencia non surtirá efecto algún.

Expdt. AC04/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **DNA. ROSA MICHELS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Escusa, nº 4, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, pola que comunica o inicio de actividade de **"QUIROMASAJE"** nun local co nome comercial de **"Masaje terapéutico & terapias alternativas Mixell"** sito no lugar do seu domicilio.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte **"1.- Documentación achegada**

- *Comunicación previa de actividade*
- *Xustificante ingreso taxa apertura*
- *Proxecto de actividade suscrito pola Arq. Técnica Dona Fuensanta Barcala – col. PR-779*

2.- Acta de Inspección

O pasado día 21 de febreiro realicei visita de inspección aos locais comprobando a adaptación dos mesmos ás características descritas no proxecto, incluso as instalacións de PCI, luces de emerxencia e demais, polo que se subscribiu Acta de comprobación de acordo co regulado no Regulamento (RIAE)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:
1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **Dª Rosa Michels**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Escusa, nº 4, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que presenta comunicación previa de actividade de "**Quiromasaje**" nun local co nome comercial de "**Masaje terapéutico & terapias alternativas Mixell**", sito no lugar do seu domicilio, acordándose autorizar a actividade, de acordo coa acta de comprobación e inspección técnica emitida polo Arquitecto.

4º OUTROS ASUNTOS.

4º.1.- Devolución de aval á empresa "CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA)" pola execución da obra de "Urbanización en carballeira, Barrantes – Ribadumia – PUSIM 2014".

Dase conta da solicitude formulada pola empresa **CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA)** para que se proceda á devolución do aval depositado para responder da correcta execución da obra, denominada "**Urbanización en carballeira, Barrantes – Ribadumia – PUSIM 2014**", adxudicada ó seu favor no ano 2014, cun importe do aval de **3.252,86 €**.

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal no que consta "*Que presuposto de adxudicación da obra é de 78.719,14 € (Setenta e oito mil setecentos dezanove euros con catorce céntimos), imposto sobre o valor engadido incluído.*

Que obra no expediente ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS asinada por min como autor do proxecto e director das obras, e o representante da empresa construtora, Construcións Obras e viais S.A. (COVSA), con data 27/02/2015.

Que transcorreu o tempo que estipula a lei, sen que haxa constancia de reclamacións ou defectos sobre os traballos contratados.

Que en visita de inspección non se observan deficiencias que poidan ser atribuíbles a unha deficiente execución.

*Que a criterio do técnico que subscribe, as obras poden ser recepcionadas para o uso público e por tanto procede liberar o **AVAL** suscrito polo contratista coa sociedade de garantía, SOGARPO, por importe de **3.252,86 €**, (Tres mil doucentos cincuenta e dous euros con oitenta e seis céntimos) con data 31 de outubro de 2014”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda proceder á devolución do devandito aval.

4º.2.- DEVOLUCIÓN DE TASAS.

Dase conta do escrito presentado por ROSA MARIA PRADO CALVETE no cal se solicita a devolución das taxas de auga abonadas ó Concello, por un importe de 150,25€ pagados o Concello de Ribadumia e 60,10€ pagados a COVSA en concepto de alta no servizo de augas e da taxa de sumidoiro por un importe de 150,25€ pagados o Concello pola alta na Rúa Caponiñas, nº 5, en Barrantes.

A vista de todo o alegado, a Xunta de Goberno Local, acorda: 1º.- A devolución das taxas a ROSA MARIA PRADO CALVETE, por non ser da súa propiedade a casa e finca e por tanto, non proceder a alta no servizo de augas e sumidoiro cuxos custes ascenderon a unha cuantía total de 300,50 €.

5º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.-

Dáse conta da Orde do 27 de xaneiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 (IN519B), publicada no D.O.G. nº 35, do 20 de febreiro de 2017.

Así mesmo dáse conta do Convenio de Colaboración asinado, con data 14 de marzo de 2017, entre este Concello de Cambados e o Concello de Ribadumia, para solicitar conxuntamente unha subvención ó abeiro da referida Orde, de conformidade co establecido no artigo 2º, para levar a cabo as obras contempladas no proxecto de **“DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO DE O SALNÉS”**.

Na citada Orde no artigo 3.1.d) establécese como tipoloxía de actuación a dotación de *“infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial”*, redactándose a tal efecto o correspondente proxecto para levar a cabo as dotacións indicadas no parágrafo anterior, que ascenden a un total importe de **180.000,00 euros** (Ive incluído).

O orzamento total da actuación e a discriminación das inversións por Concello é a que se reflexa nos cadros seguintes:

INVESTIMENTO TOTAL DOS CONCELLOS DE <u>CAMBADOS E RIBADUMIA</u>					
Investimento	Orzamento sen IVE	IVE 21%	Orzamento total	Axuda 95%	Aportación Mnpal 5%
DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS	142.760,33	29.979,67	172.740,00	164.103,00	8.637,00
HONORARIOS PROXECTO	6.000,00	1.260,00	7.260,00	6.897,00	363,00
TOTAIS	148.760,33	31.239,67	180.000,00	171.000,00	9.000,00

Observación (*): O IVE é subvencionable

DESGLOSE DE INVESTIMENTOS EN RIBADUMIA Porcentaxe 57,23					
Investimento	Orzamento sen IVE	IVE 21%	Orzamento total	Axuda solicitada 95%	Aportación Ribadumia 5%
DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS	81.774,42	17.172,63	98.947,05	93.999,70	4.947,35
HONORARIOS PROXECTO	3.436,80	721,73	4.158,53	3.950,60	207,93
Totais.....	85.211,22	17.894,36	103.105,58	97.950,30	5.155,28

DESGLOSE DE INVESTIMENTOS EN CAMBADOS Porcentaxe 42,72					
Investimento	Orzamento sen IVE	IVE 21%	Orzamento total	Axuda solicitada 95%	Aportación Cambados 5%
DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS	60.985,91	12.807,04	73.792,95	70.103,30	3.689,65
HONORARIOS PROXECTO	2.563,20	538,27	3.101,47	2.946,40	155,07
Totais.....	63.549,11	13.345,31	76.894,42	73.049,70	3.844,72

A Xunta de Goberno Local, á vista de todo o actuado acorda:

1º.- Prestar conformidade ao Convenio asinado co Concello de Cambados, en data 14 de marzo de 2017.

2º.- Prestar aprobación ao proxecto das actuacións correspondentes a este Concello de Ribadumia, redactado polo Enxeñeiro D. Gabino Grande Toro, que ascenden a un total importe de **103.105,58 €** (Ive incluído).

3º.- Solicitar da Consellería de Economía e Facenda, ao abeiro da referida Orde, unha subvención na porcentaxe máxima permitida (95%), para levar a cabo as actuacións previstas, aceptándose integramente tódalas condicións e prescricións da mesma; e,

4º.- Facultar á Alcaldía de Cambados, tan amplamente como sexa preciso para a realización de cantas xestións resulten necesarias, á vista do establecido na cláusula 3ª, 4ª e 5ª do Convenio asinado con este Concello de Ribadumia para que actúe como cabeceira e coordinador do proxecto, así como para todos os compromisos reflexados na cláusulado.

6º.-SUBV. VIOLENCIA DE XENERO.

Dase conta da solicitude de axudas realizada á Deputación Provincial de Pontevedra para o Fomento da Igualdade de Oportunidades e a Loita contra a Violencia de Xénero dirixida ós Concellos, publicada no BOP nº 35 de 20 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2017.

2º.- Solicitar a cantidade de 6.000 euros para a realización da e dita actividade.

3º.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

7º.- OFERTA ECONÓMICA PARA LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO CON ALTIMETRÍA E PARCELARIO CON RELACIÓN DE PROPIETARIOS

PARA PROXECTO DE APERTURA DE VIAL NO LUGAR DE CRUZ NA PARROQUIA DE LOIS.-

Dase conta da oferta económica presentada pola empresa "CERES Oficina Técnica Agrícola, S.L." correspondente ó levantamento topográfico con altimetría e parcelario con relación de propietarios para proxecto de apertura de vial no lugar de Cruz na parroquia de Lois.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ao orzamento de levantamento topográfico con altimetría e parcelario con relación de propietarios para proxecto de apertura de vial no lugar de Cruz na parroquia de Lois por importe total de 750,00-€ mais IVE.

8º.- SOLICITUDE CON CARGO Ó PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2017.- LIÑA 1 DE INVESTIMENTOS.-

Vistas as Bases e convocatoria do Plan Concellos para o exercicio de 2017, publicadas no BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, e as diferentes liñas de axudas a conceder.

Dase conta que a devandita convocatoria recolle, entre outras, as seguintes liñas de actuacións:

Liña 1.- Investimentos:

Infórmase que se convoca para a realización de investimentos, amortización, pagamentos de débeda e gastos correntes e emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais en materias que os Concellos exerzan como competencias propias.- Así mesmo indícase que a Deputación realizará a delegación da contratación nos concellos.

Os investimentos subvencionables con cargo a esta liña poderán ser: Investimentos que teñan un orzamento igual ou superior a vinte mil (20.000,00) euros, incluído o IVE. No caso das subministracións o importe mínimo de cada expediente de solicitude será de 1.000 euros e poderase destinar á compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de

servizos municipais (instrumentos musicais, elementos de transporte, equipamento administrativo, deportivo, cultural etc.) de natureza inventariable, non susceptibles dunha rápida deterioración polo seu uso e que non constitúan unha reparación.

Dado que o Concello ten necesidade de levar a cabo diferentes investimentos en materia de saneamentos, regularización de alumeados e mellora de viais, e outros, propónse a inclusión das obras que se indican no devandito Plan e solicitar axuda para ditos investimentos.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Realizar a finalidade obxecto das subvencións que se indican, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso:

- "Rede de saneamento no entorno da Igrexa de San Andrés de Barrantes", cun importe de 70.326, 86 euros.
- "Rede de saneamento en Freixo", cun importe de 38.466, 87 euros.
- "Rede de saneamento en Barroso e Igrexa (Sisan) e Caponiñas (Barrantes)", cun importe de 29.387, 49 euros.
- "Rede de alumeado público en Leiro e Besomaño", cun importe de 46.171, 37 euros.
- "Muros de contención para a formación de senda peonil en Leiro", cun importe de 50.221, 96 euros.
- "Legalización dos subministros de electricidade", cun importe de 67.044, 49 euros.
- "Adquisición de retroexcavadora- minipala", cun importe de 27.034,85 euros.
- "Adquisición de fregadora- limpadora", cun importe de 4.469,64 euros, solicitando subvención por importe de 4.719 euros e unha aportación municipal de 50,64 euros

SEGUNDO.- Aprobar as memorias descritivas e valoradas ou documento técnico das obras indicadas e polos importes que se indican.

TERCEIRO.- Solicitar para a súa realización unha subvención polos importes das memorias valoradas, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017.

CUARTO.- Colaborar no financiamento do subministro de "Adquisición de fregadora- limpadora", achegando a contía de 50,64 euros, sendo este órgano competente para comprometer esta achega.

QUINTO.- Manifestar que os terreos precisos están disponibles para a normal execución das obras e tamén as licencias, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.-

9º.- LIÑA 2 DE ACTIVIDADES.- (PLAN CONCELLOS 2017).-

Vistas as bases o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2017, dase conta da liña de axudas destinadas á realización de Actividades e tendo en conta a previsión das que vanse a realizar neste exercicio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto das subvencións que se indican, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

- "Exaltación do viño autóctono XLV festa Viño Tinto Salnés".
- Programación Auditorio Municipal Santa Baia Ribadumia ano 2017.

Segundo.- Aprobar as memorias das devanditas actividades.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importes que se indican, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

- 17.000 euros, para a actividade de Exaltación do viño autóctono XLV festa Viño Tinto Salnés.
- 3.000 euros, para a actividade de Programación Auditorio Municipal Santa Baia Ribadumia ano 2017.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento coas achegas mínimas de 3.000 euros, para a actividade de Exaltación do viño autóctono XLV festa Viño Tinto Salnés; e de 1.000 euros para a realización da actividade de Programación Auditorio Municipal Santa Baia Ribadumia ano 2017.

10º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACIÓN DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E SE CONVOCAN PARA O ANO 2017.-

Dase conta de que ó abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 08 de febreiro de 2017 (D.O.G nº 44 de 03/03/17) , reguladora das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dase conta que pola Mancomunidade do Salnés tense previsto tramitar o Proxecto de Obradoiro de Emprego "Salnés Tecnolóxico e Medioambiental" no que realizaránse accións nos concellos de Ribadumia, Meis, Meaño e Vilanova e no que participarán un total de 20 alumnos nos dous módulos a impartir.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego "Salnés Tecnolóxico e Medioambiental", e a participación deste Concello no devandito Obradoiro.

11º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO, CON DESTINO A BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.-

Dáse conta da Orde de 19/12/16, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as subvencións a Concellos para a "**dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal**" para o ano 2017, e tendo en conta a importancia que este Concello lle da o fomento do galego, así como a promoción da lectura e a mellora das coleccións e dos servizos bibliotecarios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Programa de actuacións que vai desenvolver-la Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e de acordo coa convocatoria para o ano 2017, por un importe máximo de 1.500€ en libros, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432A.760.2, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

12º.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTO Ó G.D.R. O SALNÉS- ULLA-UMIA.-

Vistas as Resolucións de Agader de 29 e 30 de decembro de 2016 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017- 2018, cofinanciadas co Feader, e se aproban as axudas que lle corresponde ó GDR O Salnés- Ulla-Umia

Tendo en conta que este Concello ten levar a cabo actuacións de: "Ampliación do edificio de Servizos Sociais para almacén de roupa e alimentos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó proxecto denominado "Ampliación de edificio de Servizos Sociais para almacén de roupa e alimentos", redactado polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, cun orzamento de execución de 47.706,06 €, máis 10.018,27 € en concepto de IVE, o que representa un importe total do proxecto de 57.724,33 euros

2º.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), a través do G.D.R. O Salnés- Ulla-Umia, axuda para a realización do devandito proxecto.

13º.- CONTA XUSTIFICATIVA DA LIÑA 3 DO PLAN CONCELLOS 2016: ACTIVIDADES

Dase conta de que con cargo ó Plan Concellos de 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal, dentro da Liña 3 de "*Actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais*", solicitouse axuda para o financiamento da "XLIV Festa do Viño Tinto do Salnés", e para a "Programación do Auditorio Municipal para o ano 2016".

Vista a conta xustificativa dos gastos de ditos servizos municipais, que se presenta pola Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Declarar que para as actividades de "XLIV Festa do Viño Tinto do Salnés" se lle concedeu unha subvención, por importe de 12.215,37 €, e para a "Programación do Auditorio Municipal para o ano 2016", se concedeu unha axuda por importe de 4.000,00 €, con cargo ó Plan Concello 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal (Liña 3 Actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais), e que se realizaron, entre outros, os gastos que se relacionan na conta xustificativa da axuda concedida.

SEGUNDO.- Que os gastos que integran dita conta son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada e foron reflectidos na contabilidade municipal.

TERCEIRO.- Declarar que a este Concello non lle foi concedido ningunha outra axuda para o mesmo fin.

14º.- CONTA XUSTIFICATIVA DA LIÑA 2 DO PLAN DE COOPERACIÓN 2016 ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL: GASTO CORRENTE.-

Dase conta de que con cargo ó Plan de Cooperación 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal, dentro da Liña 2 de "gasto corrente", solicitouse axuda para o financiamento do "Mantemento de servizo de alumeadado público e do servizo de recollida e tratamento de lixo", nun importe de 64.861,49 euros

Vista a conta xustificativa dos gastos de ditos servizos municipais, que se presenta pola Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Declarar que para o mantemento dos "Servizo de recollida domiciliar de lixo, recollida selectiva e punto limpo e Servizo de alumado público" se lle concedeu unha subvención, con cargo ó Plan de Cooperación 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal (Liña 2 de gasto corrente), por importe de 64.861,49 euros, e se realizaron os gastos que se relacionan na conta xustificativa:

- Servizo de recollida domiciliar de lixo, recollida selectiva e punto limpo.
- Servizo de alumado público.

SEGUNDO.- Que os gastos que integran dita conta son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada e foron reflectidos na contabilidade municipal.

TERCEIRO.- Declarar que a este Concello non lle foi concedido ningunha outra axuda para o mesmo fin.

CUARTO.- Que o custo total dos servizos ascendeu á cantidade de 351.012,54 euros.

15.- ORGANIZACIÓN POLO CONCELLO DE RIBADUMIA DE "CURSO DE CESTERÍA".-

Dase conta de que esta previsto levar a cabo a organización dun curso de cestería con data de inicio o 24 de marzo de 2017, en horario de 19:30 á 21:30 horas e que se levara a cabo cun mínimo de 10 persoas, todos os venres do mes de abril e maio e en base á Ordenanza Xenérica de Prezos aprobada polo Pleno Municipal, e tendo en conta o custo da impartición das mesmas, sinalase a conveniencia de establecer un prezo por asistencia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Prestarlle aprobación á organización do cursos de cestería que se indica; e

2º.- Establecer un prezo mensual por asistencia de 6 euros para o mes

de marzo e 15 euros o mes para o mes de abril e maio.

16º.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVIZOS EN EDIFICIO ANEXO O PAVILLÓN DE RIBADUMIA"

Vista a certificación de obra nº 3 da denominada "Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia" que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de setenta e catro mil catro euros con sete centimos de euro (74.004,07 €), incluída no Plan de Obras e Servizos Provincial de 2015 (PPOS/15).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 3 da obra denominada "Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adxudicación por procedemento negociado dictada con data 30 de novembro de 2016, en base ó acordo adoptado polo Pleno con data 23/11/16.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nª e data	Empresa	Concepto	Importe
2170167 de 28/02/17	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Dotación de servizos en edificio anexo o pavillón de Ribadumia</i>	<i>74.004,07 €</i>

3º.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra asinada con data 31 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, dáse por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

17º.- APROBACIÓN MEMORIA VALORADA DA OBRA DE REDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NOS LUGARES DE RAMIRON EPUXAFEITA (DO PLAN CONCELLOS 2016).-

Dáse conta de que no Plan Concellos 2016 solicitouse a execución da obra denominada "Mellora da Rede de iluminación pública nos lugares de Ramirón e Puxafeita", aprobándose a correspondente memoria descritiva e valorada da obra.

Dáse conta que tra-la aprobación da obra comprobouse que nas obras de iluminación do lugar de Puxafeita constatouse a imposibilidade de colocar catro postes de formigón no borde viario por existir un muro de contención, polo que modificouse a memoria técnica e propónse a instalación de catro báculos nos puntos sinalados no proxecto inicial para as catro luminarias e mantendo a instalación de postes de formigón nas luminarias restantes proxectada na Rúa A Bouza, non modificándose o importe final do proxecto e non sufrindo modificacións a parte da obra de mellora de iluminación no lugar de Ramirón.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Prestar aprobación á nova memoria descritiva e valorada para a obra de "Mellora da Rede de iluminación pública nos lugares de Ramirón e Puxafeita", por un importe total de 20.174,63 euros, incluída no Plan Concellos 2016.-

18º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>Querubines, servizo xestión gardería - Febreiro</i>	<i>11.164,22</i>
<i>Jesús M. Dieguez, honorarios asesoramento urbanismo e obras - feb.</i>	<i>3.025,00</i>
<i>Ceres.- Medición e plano topográfico proxecto Saneamento Barral</i>	<i>907,50</i>
<i>José Manuel Barreiro Serantes.- Muro contención Río Fontespiña -Sisán</i>	<i>3.170,20</i>
<i>José Manuel Barreiro Serantes.- Ampliación reparación cauce Fontespiña - Sisán</i>	<i>2.928,20</i>
<i>MR Misto Films.- Proxección audiovisual Auditorio</i>	<i>650,00</i>
<i>Grupinfor.- Cursos informática</i>	<i>1.200,00</i>
<i>Meldosa.- Reparacións lámparas e proxector Campo fútbol Ribadumia</i>	<i>817,37</i>
<i>Meldosa.- Mantemento alumeadado público- febreiro</i>	<i>4.564,51</i>
<i>Maderas J. Redondo.- Material protección madeira vallas Paseo Fluvial</i>	<i>641,30</i>
<i>Barbatana SL.- Clases pilates febreiro</i>	<i>1.028,50</i>
<i>Antonio Capelo García.- Asesoramento enerxético</i>	<i>530,00</i>
<i>Aridos del Umia.- Material para muro lugar Gándara (Sisán)</i>	<i>837,08</i>
<i>Lyreco.- Material oficina</i>	<i>736,15</i>
<i>D.G.I. - Mantemento anual informático Casa Cultura Ribadumia</i>	<i>1.452,00</i>
<i>Sogama.- Tratamento residuos urbanos febreiro</i>	<i>10.379,88</i>
<i>Achega.- SAF - Libre concorrencia febreiro</i>	<i>1.742,40</i>
<i>Achega.- SAF Dependencia febreiro</i>	<i>11.311,35</i>
<i>Espina y Delfín.- Facturación 4º trimestre 2016 ETAR e EDAR Lois</i>	<i>1.778,36</i>
<i>Metralla.- Reparación porterías e colocación porta zona debaixo vestuarios</i>	<i>2.032,80</i>
<i>D.G.I. - Licencias vairas (servidor, windows e programa almacenaxe virtual)</i>	<i>2.414,31</i>
<i>D.G.I. - Servidor e aparato de copias de seguridade</i>	<i>5.780,17</i>

<i>Soil recovery.- Recollida punto limpo xaneiro</i>	<i>810,19</i>
<i>José Ramón Baños García.- Tapizado sillóns e sillas tanatorio</i>	<i>3.073,40</i>
<i>Afyt.- Servizo asesoramento laboral febreiro</i>	<i>735,68</i>
<i>R.- Telefonía fija febreiro</i>	<i>1.062,37</i>
<i>ANPA.- Axuda económica - Comedor escolar - febreiro</i>	<i>1.504,81</i>
<i>ANPA.- Axuda económica - Comedor escolar - xaneiro</i>	<i>1.484,76</i>
<i>Asociacion Pro-escola música.- Axuda económica - Xaneiro</i>	<i>950,00</i>
<i>Asociacion Pro-escola música.- Axuda económica -Febreiro</i>	<i>950,00</i>

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-